

REGRAS DE SEGURIDADE PARA TRABALLOS EN ANDAMIOS

1.-Precaucións de obrigado cumprimento:

Antes de utilizar calquera tipo de andamio deberá:

- controlar que as plataformas están en boas condicións.
- non remexer táboas ou outras partes dos andamios.
- non depositar violentamente pesos sobre os andamios.
- non acumular demasiada carga ou persoas no mesmo punto.
- estarán libres de obstáculos.
- non se tirará ningunha clase de materiais dende os andamios.

2.-Precaucións nos andamios de borriquetas:

A altura máxima que se acadará neste tipo de andamiaxes será de 6m.; debéndose suxeitar a base para evitar movementos. (Se a altura é máis pequena de 3m. é necesario)

3.-Precaucións en andamios metálicos:

Os elementos que os compoñen deberán estar ben ensamblados, convenientemente unidos entre sí e suxeitos á fachada ou a elementos resistentes, sendo conveniente como mínimo unha ancoraxe cada 20 m² debéndose nivelar os elementos do andamio. As plataformas suxeitaranse aos elementos metálicos, evitándose a oxidación e o uso de pezas defectuosas. As ancoraxes, nunca se realizarán sobre ladrillos movedizos, tubos de desaugadoiro, tubos de gas, remates de chemineas ou outros materiais inadecuados para a ancoraxe dos andamios. Non se efectuarán instalacións de andamios metálicos cando a pendente onde se vaian instalar sexa superior a 20%.

4.- Outras precaucións

Cando existan riscos de contactos directos ou indirectos con liñas de baixa tensión adoptaranse, antes de comezar os traballos, un dos sistemas de protección seguintes:

- a) Illar a liña limpa co dieléctrico apropiado.
- b) Desviar a liña a 3m. da zona de influencia dos traballos.
- c) Cortar a tensión eléctrica mentres duren os traballos.

Nas liñas eléctricas que superen os 55.000 V., a distancia mínima de seguridade, será de 5m., debéndose ademais adoptar as medidas establecidas de protección e sinalización para estas liñas.

Para evitar o risco de caída de materiais, na parte inferior deste tipo de andamios débese colocar unha viseira suficientemente resistente; en función da altura do andamio deberase colocar máis dunha viseira.

Nos andamios metálicos móbiles, cando a súa suxeición sexa só o propio peso de apoio sobre a súa base, non tendo ningún outro tipo de suxeición, a súa altura non poderá superar catro veces o lado máis pequeno do andamio. As rodas non serán nunca soporte do andamio cando este entre en uso, servindo só para o transporte.

5.- Medidas de protección persoal para traballos en Andamios

- Cinto de seguridade homologado que se deberá usar cando as medidas de protección colectiva non sexan as axeitadas aínda que se usarán, non obstante, ámbalas dúas proteccións.
- Os cintos non permitirán unha caída libre superior a 1 m., de non ir provistos dun dispositivo que reduza os efectos de caída desde unha altura superior.
- Se se vai operar con desprazamentos horizontais do persoal, disporase dunha tira de seguridade solidamente amarrada a dous puntos, que non distarán entre si máis de 5m. atando á mesma os cintos de suxeición do persoal.
- Casco de seguridade homologado.
- Zapatos antiesvaradíos, que están dotados dunha sola exterior que non é lisa e que presenta uns relevos que a fan antiesvaradía.
- Portaferramentas, para evitar a caída da mesma.